

A Nosa Rede

**XIII Noite Galega
das Telecomunicacións
e da Sociedade da Información 2008**
As Telecomunicacións e o Espazo



colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia

Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia

SUMARIO

Páx. 2 A Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información do COETG, referente para o sector das TIC

Páx. 3 Intervención do Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia e do cosmonauta da Federación Rusa, Sergei Krikalev

Páx. 4/5 Galería fotográfica: preto de 400 profesionais das telecomunicacións reunidos na Toxa na súa gala anual

Páx. 6/7 Intervencións de Olga Pérez Sanjúan, Helena Veiguela Martínez, Gerardo García Alvela e de Emilio Pérez Touriño



“A Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, organizada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, consolídase como referente para o sector das TIC”

PREMIADOS:

Socio de Honra: **Emilio Pérez Touriño**, Presidente da Xunta de Galicia.

Enxeñeiro do Ano: **Gerardo García Alvela**, Director Xeral de Sistemas Audiovisuais Itelsis

Premio Ingeniero Gerardo García Campos a Mellor Iniciativa Empresarial TIC:
WIRELESS GALICIA

Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais: **Proxecto Taboleiro Dixital**,
dirixido pola directora do **Centro de Educación Especial Rexional de Xordos de Santiago**.

Premio á Mellor Aplicación TIC: Iniciativa **FIVIDOC**,
presentada pola empresa **Bit Oceans Research**.

O Gran Hotel Hesperia da Toxa acolleu o pasado 7 de novembro a *XIII Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2008*, punto de encontro para os profesionais das telecomunicacións, as novas tecnoloxías e a sociedade da información. O evento, organizado polo Colexio Oficial e a Aso-

ciación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG-AETG), e presidida polo xefe do Executivo galego, Emilio Pérez Touriño, contou coa presenza do cosmonauta da Federación Rusa con récord de permanencia e paseos no espazo, Sergei Krikalev, e a vicepresidenta de FITCE, Federación de Enxeñeiros de Telecomunicación da Unión Europea, Olga Pérez, arroupa-

dos por preto de 400 profesionais do sector TIC, conseguindo superar así as cifras de asistencia de anos anteriores.

A **Xuntanza do Sector Tecnolóxico e Aeroespacial co cosmonauta da Federación Rusa, Sergei Krikalev**, abriu o programa da *XIII Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información*, que este ano se adicou ás Telecomunicacións e ao Espazo. A reunión, á que asistiron representantes do sector espacial, tecnolóxico e colexiados, tivo lugar no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela.

A mesa redonda sobre “**A Industria Espacial e as Telecomunicacións**”, congregou, xa pola tarde, na Illa da Toxa, ás empresas tecnolóxicas galegas, integrantes do sector espacial español a través de representantes da asociación Proespacio, así como aos enxeñeiros de telecomunicación do COETG. A mesa, moderada polo representante do COETG, Valery Vardanyan, contou coas intervencións do cosmonauta Krikalev; do director de desenvolvemento de negocio de banda ancha de SES-ASTRA Ibérica, José Luis Garate; e do conselleiro delegado de Retegal, Manuel José Fernández Iglesias.

No marco da *Noite*, o COETG fixo entrega dos seus xa tradicionais premios **Galicia das Telecomunicacións**. O galardón Ingeniero Gerardo García Campos á Mellor Iniciativa Empresarial no Sector TIC, patrocinado pola Fundación do mesmo nome e dotado con 6.000 euros, correspondeulle nesta edición á empresa **WIRELESS GALICIA** en recoñecemento ao esforzo nos labores de I+D no campo das

TIC aplicadas a proxectos de interese sociosanitario así como á traxectoria e proxección da empresa.

O Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais, que recoñece aqueles proxectos ou traxectorias das telecomunicacións que lle aporten beneficios á sociedade en xeral, concedéuselle nesta ocasión á **Taboleiro Dixital**, un proxecto dirixido pola directora do Centro de Educación Especial Rexional de Xordos de Santiago, Fátima García, quen foi a encargada de recoller o galardón, en colaboración co director da ETSET da Universidade de Vigo, José María Pousada.

O Premio á Mellor Aplicación TIC 2008, que recoñece as aplicacións das novas tecnoloxías aos sistemas de operatividade empresarial e industrial, correspondeulle este ano á empresa Bit Oceans Research, polo seu proxecto “**FIVIDOC**”. Unha iniciativa única en toda Galicia, que xorde como a solución ao problema da falsificación documental, evitando tanto a xeración de documentos enteiramente falsos, como a alteración, mediante técnicas manuais ou informatizadas, do contido dos mesmos.

Nesta edición o COETG tamén fixo entrega dunha placa conmemorativa a modo de distinción especial ao Mérito Científico e Tecnolóxico Global 2008 en recoñecemento ao **programa espacial da Federación Rusa dirixida ao cosmonauta Sergei Krikalev**.

Nesta ocasión, o director xeral de Sistemas Audiovisuais Itelsis, Gerardo García Alvela, recibiu a distinción Enxeñeiro do Ano 2008 pola súa aposta persoal a prol do patrimonio industrial de Galicia no sector TIC, polo seu dinamismo, xuventude, así como polo aire novo que aporta no seu proxecto.

O **Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño**, pasa a engrosar no presente ano a lista dos Socios de Honra da AETG, distinción que premia as personalidades destacadas no apoio e na promoción do sector TIC en Galicia.

No evento tamén entrevistou a **directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información da Xunta de Galicia, Helena Veiguela**, quen se referiu á conexión da industria espacial e das telecomunicacións. E a vicepresidenta de FITCE (Federación de Enxeñeiros de Telecomunicación dos Estados Membros da Unión Europea), Olga Pérez Sanjuán, quen, no transcurso da velada, leu un comunicado do presidente, Barry Reynolds, **anunciando a escolla de Galicia como punto de encontro para a celebración do congreso FITCE 2010, coincidindo coa festividade do Ano Xacobeo**.

A clausura do acto correu a cargo do presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, previa intervención do **decano do COETG, Ramón Bermúdez de Castro Olavide**, quen abordou a importancia clave das TIC, en xeral, e da súa aplicación na industria espacial, en particular, para acadar o pleno desenvolvemento económico, industrial, social e cultural de Galicia e a súa converxencia con outros países de primeira orde.





Intervención do Decano do COETG, Ramón Bermúdez de Castro Olavide

Exmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Conselleiro de Industria, Secretario Xeral, Directores Xerais, delegación da corporación “Energía” - RSCE do complexo espacial da Federación Rusa, queridos compañeiros asociados e colexiados, medios de comunicación e amigos todos.

Quero expresarvos a todos a satisfacción da Asociación e do Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia por reencontrarmos de novo, un ano máis, todos os que constituímos o universo das telecomunicacións e da sociedade da información en Galicia.

Do mesmo xeito que en anteriores ocasións, quixemos dedicar este evento a un asunto de importancia trascendental para o sector das comunicacións e neste ano eliximos o Espazo e decidimos estendelo á nosa Noite a esfera internacional.

Sen ningunha dúbida, **a carreira espacial foi un dos maiores impulsores das telecomunicacións e en xeral da Sociedade da Información porque as telecomunicacións están na esencia mesma da investigación e a utilización do cosmos para o beneficio da Humanidade.** Queremos lembrar este ano o 10 aniversario do primeiro voo espacial con participación española para facer fincapé unha vez máis na relevancia dos voos espaciais na tecnoloxía das telecomunicacións.

No COETG compartimos o papel do espazo no desenvolvemento das telecomunicacións e quixemos traer a unha testemuña de primeira orde. Referímonos ao cosmonauta da Federación Rusa Sergei Konstantinovich Krikalyov. O Sr. Krikalyov é sen ningunha dúbida unha das primeiras figuras da carreira espacial do século XX e actualmente Enxeñeiro Xefe da división de voos de Rocket Space Corporation Energy encargada da creación de todos os enxeños espaciais da Federación Rusa e a realización dos voos pilotados, aceptou amablemente a invitación do COETG para asistir a este evento e entrevistarse con diversas autoridades da nosa comunidade.

Queríamos que con este encontro Galicia fose capaz de desenvolver contactos de primeiro nivel nun sector onde a nosa presenza é practicamente inexistente. Estamos ante a oportunidade de crear futuras actividades relacionadas coas tecnoloxías do sector aeroespacial. Campos tan diversos como a investigación médica, a tecnoloxía de novos materiais, a investigación biolóxica, a industria farmacéutica e outras varias que se desenvolven na nosa comunidade, están moi ligadas á investigación espacial e Galicia debería estar presente dalgunha forma.

E como mencionei anteriormente, o carácter internacional desta Noite, tamén contamos coa presenza dunha delegación da Federación de Enxeñeiros de Telecomunicación da Unión Europea (FITCE). Lamentamos que o Sr. Barry Reynolds, presidente de dita Federación e que tiña previsto acompañarnos na nosa Noite e avalar coa su presenza o anuncio de que o COETG será o anfitrión do congreso da Enxeñería de Telecomunicación Europea que FITCE celebrará en Santiago de Compostela coincidindo co Ano Santo Xacobeo de 2010, non puidera asistir por motivos de saúde surxidos a última hora. Desde aquí desexámoslle una pronta recuperación e a nosa invitación para que o vindeiro ano nos honre ca súa presenza. No seu lugar contamos coa Vicepresidenta da Federación, Olga Pérez.

Co nomeamento do Presidente da Xunta de Galicia como Socio de Honra do noso colectivo, quixemos recoñecer o apoio que a Xunta de Galicia nos prestou en todo momento así como o labor que realizou a favor do desenvolvemento das Telecomunicacións no

noso País.

Sr. Presidente, vaia con este galardón o recoñecemento e o respecto do noso colectivo cara á súa persoa e cara ao Goberno que Vd. Preside.

Moitas cousas se fixeron na nosa comunidade en materia de Telecomunicacións, pero outras moitas quedan por facer. E aínda que habemos de agradecer e alabar os pasos dados, tamén aquí **quero aproveitar esta tribuna para recabar do noso novo Socio a súa axuda a fin de acadar algúns dos obxectivos que se fixou o noso colectivo, e que son de vital importancia para o desenvolvemento do noso sector en Galicia:**

O noso colectivo, a través do **COETG tense posicionado en repetidas ocasións a favor de conseguir para a nosa Comunidade a Axencia Española do Espectro. A localización en Galicia desta axencia suporía a nosa presenza no mapa das Telecomunicacións a nivel internacional ademais da creación dun importante número de postos de traballo e de infraestruturas soporte.** Aplaudimos

a iniciativa da Comisión de Industria do Parlamento de Galicia instando ao Goberno Autonómico a postularse como sede da Axencia Estatal de xestión do espectro radioeléctrico ao tempo que esperamos o máximo esforzo do executivo para alcanzar este reto.

■ Entendemos así mesmo que Galicia non pode quedar por detrás doutras comunidades na entidade que as telecomunicacións e a sociedade da información representan nos organigramas executivos. Para tal fin solicitamos situarnos á cabeceira do Estado contemplando a creación dunha Consellería con competencias exclusivas en Telecomunicación e Sociedade da Información desde onde os profesionais do sector poidan guiar de xeito coordinado o futuro das TIC en Galicia.

■ A Creación dunha axencia para a promoción e o desenvolvemento de industria das tecnoloxías da información no noso país. Polas súas características especiais, este tipo de empresas requiren dunhas condicións tamén especiais. Os organismos de promoción industrial de Galicia están moi ocupados con outros sectores de desenvolvemento industrial e non dedican a súa enerxía e os seus recursos ao desenvolvemento dun sector en xeral descoñecido. A existencia dunha axencia deste tipo xa se probou útil noutros lugares do mundo e rendería importantes dividendos ao noso País.

■ Dende o punto de vista das Infraestruturas e coincidindo coa creación por parte do Ministerio de Industria da Comisión Asesora para o Despregue de Infraestruturas de Acceso Ultrarrápidas desde Galicia queremos:

O despregue das novas xeracións de redes de telefonía móbil está no aire e para iso necesitamos a axuda non só dos operadores senón de todos os ámbitos da administración: goberno central, xunta de Galicia e entidades locais. A telefonía móbil ten aínda moitas carencias en Galicia e a banda ancha non é accesible a todos os galegos.

En canto ás Infraestruturas de Telecomunicacións de última xeración asociadas ás novas infraestruturas viarias do Plan Galicia. Consideramos que o momento da construción das estradas é o ideal para tender as infraestrutura de telecomunicacións que constitúan a tea de araña que vertebre as Telecomunicacións da nosa comunidade e contribúa definitivamente a introducir o noso País na Sociedade da Información.

Ampliación da ICT á vivenda unifamiliar tal como está contemplado no Plan Extratéxico Galego da Sociedade da Información de tal forma que o devandito plan non sexa simplemente unha declaración de intencións. Unha socie-

dade interconectada debe contemplar que o usuario final poida conectarse sen problemas á rede de Telecomunicacións pública e isto independentemente do lugar onde viva. A Vivenda unifamiliar é un referente en Galicia, especialmente no rural, e ha de ter acceso ao mesmo nivel de servizos que a colectiva urbana.

Todos estamos de acordo nos tremendos cambios que se están producindo na Sociedade actual e xunto con eles os importantes cambios que se producen nas organizacións. No COETG cremos que o noso colectivo ha de xogar un papel clave e sen compromisos no desenvolvemento da Sociedade da Información no noso país e garantir con esta presenza activa a calidade e adecuación dos futuros servizos de Telecomunicación á sociedade galega.

Aí queda expresada esta breve lista de peticións e fágoo co convencimento de que non caerán en saco roto.

Grazas a todos por acompañarnos nesta Noite. Grazas a todas as autoridades e grazas ao noso invitado internacional, espero que se leven un agradable recordo deste país e da nosa hospitalidade e volvan visitarnos outras moitas veces á que desde hoxe nos gustaría que considerasen a súa casa.

Permitaseme finalizar a miña intervención coa máis calida felicitación, no meu nome e no das Xuntas Directivas de Colexio e Asociación a todos os premiados:

– Á empresa WIRELESS GALICIA Premio á Mellor Iniciativa Empresarial TIC, patrocinado pola Fundación Ingeniero Gerardo García Campos.

– Ao CENTRO DE EDUCACION ESPECIAL REXIONAL DE XORDOS DE SANTIAGO, polo seu sistema, denominación de TABOLEIRO DIXITAL, Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais.

– A BIT OCEANS RESEARCH, polo seu proxecto “FIVIDOC”, Premio á Mellor Aplicación TIC.

Ao enxeñeiro do ano, GERARDO GARCÍA ALVELA, exemplo dos colexiados novos, emprendedores, con alto grado de coñecementos e capacidade de risco. Eles crean agora as empresas ou desempeñan os postos técnicos que están cambiando Galicia cara a un país tecnolóxico e competitivo.

Ao presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño. Como xa dixen antes, conta co noso maior recoñecemento, á vez que reivindicamos a nosa posición na construción da Galicia do futuro.

Moitas grazas a todos.

Intervención do cosmonauta da Federación Rusa, Sergei Krikalev

Presidente, invitados:

Estou encantado de estar hoxe aquí nunha celebración profesional desta envergadura, dado que todos somos compañeiros unidos polo campo da alta tecnoloxía.

A exploración espacial iníciase grazas ao desenvolvemento humano, permitindo-nos traspasar fronteiras, explorando novos lugares, novos espazos. Exploracións que non serían posibles sen o desenvolvemento das telecomunicacións.

Cando vostedes ven imaxes dun cosmonauta, de naves espaciais en voo e da estación espacial internacional MIR, en realidade están observando fotografías que mostran a capacidade de comunicarse coa terra. **Hoxe en día, as telecomunicacións son fundamentais porque podemos tomar un gran número de datos sobre experimentos científicos e envíalos de volta á Terra para que o científico os procese e poida planificar novas experiencias.**

Creo que no futuro, cando poidamos voar máis aló do fin, a comunicación humana será aínda máis importante se cabe. Neste senso, cando nos pre-

guntan en que estamos a traballar no referido aos experimentos científicos rusos, contestamos que cooperamos con diferentes países, as veces a nivel de motores e outras, simplemente, compilando resultados.

Cando unha empresa constrúe compoñentes para outra todo iso intégrase nas naves espaciais ou no equipo científico pero nós usámo-lo tamén para entrar en contacto cos experimentos. **Esta é a miña primeira visita a esta terra, pero alegreime moito ao ver que a xente traballa duro e está usando a alta tecnoloxía para axudar ás persoas a ter unha vida mellor.**

É necesario manter a cooperación porque, como dixen, necesitamos máis e máis vínculos de comunicación e de recursos científicos para perfeccionar as investigacións. Nun nivel diferente a xente comunícase a través do uso de Internet, converténdoo nun dos puntos de unión da nosa actividade.

Por suposto, nós traballamos duramente desenvolvendo numerosos experimentos non só con fins científicos, senón tamén tratando de convencer



ás novas xeracións para que se unan á autopista da tecnoloxía profesional.

Polo tanto, creo que este é outro punto interesante para o futuro, un futuro de cooperación que permita cumprir o soño dos cosmonautas e solucionar as dificultades das visitas ao espazo, aprendendo dos inconvenientes pasados; e, a continuación, regresar á terra e gozar de lugares agradables coma este. **Quedan moitas cousas por facer no futuro para promover a continuidade dos labores levados a cabo por persoas, como vostedes, e quero felicitalos por isto no marco deste evento profesional.**

Moitas grazas.

Sergei Krikalev é un dos cosmonautas máis importantes a nivel mundial e unha das primeiras figuras da carreira espacial do século XX. Este ruso de 50 anos ten na actualidade o récord de permanencia e paseos no espazo. Neste momento acumula no seu haber un total de 803 días, 9 horas e 39 minutos no espazo, e 8 paseos espaciais. Foi denominado por moitos o “último cidadán da URSS”, dado que entre 1991 e 1992 estivo 311 días a bordo da estación espacial Mir mentres na Terra a Unión Soviética se derrubaba.

Pola súa experiencia profesional, concedéuselle o título de Heroe da Unión Soviética, a Orde de Lenin, recibiu o título francés de Oficial da Lexión de Honor e o novo de Heroe da Federación Rusa. Tamén foi galardonado coa medalla de voos espaciais da NASA (1994, 1998).

O 15 de Febreiro de 2007, Krikalev, foi nomeado vicepresidente de Enerгия Rocket and Space Corporation, empresa encargada de todos os enxeños espaciais da Federación Rusa, ao cargo dos voos espaciais tripulados.



**Preto de 400 profesionais
das telecomunicacións
reunidos na Toxa na súa
gala anual**





Intervención da Vicepresidenta da FITCE, Olga Pérez Sanjuán

“Creada en 1962, FITCE es la Federación de Ingenieros de Telecomunicación de la Comunidad Europea”.

“Actualmente estamos viviendo un auténtico hito asociado a la digitalización, a la banda ancha, a la movilidad y a los nuevos servicios y los ingenieros de telecomunicación estamos desarrollando en ello un papel clave”.

“Como vicepresidenta de FITCE quiero anunciaros que en la pasada asamblea general acordamos que el congreso internacional se va a celebrar en Santiago de Compostela en el año 2010, una ciudad que tendrá en ese año un protagonismo relevante por ser Año Xacobeo”.



Intervención da Directora Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, Helena Veiguela Martínez

“A Industria Espacial e as Telecomunicacións, un sector pouco desenvolvido en Galiza mais que pode supór unha oportunidade empresarial nun momento no que, cada vez máis, é necesario procurar novos produtos para novos espazos de comunicación”.

“O goberno do Estado lanzou no pasado mes de xuño unha consulta pública sobre o uso da banda de diferentes frecuencias. Nesta consulta, previa á publicación de novas medidas regulatorias, a Consellaría de Innovación e Industria manifestouse no sentido de que todos aqueles operadores que queiran investir a nivel autonómico e non necesariamente en todo o ámbito estatal poidan obter licenza de espectro en diferentes frecuencias”.

“Nós aspiramos a que Galiza conte con servizos de telecomunicacións de calidade e vangarda, con implantación da tecnoloxía máis adecuada en cada caso, mais sempre con estándares funcionais, de servizo e de calidade de primeira liña”.



Intervención do Enxeñeiro do Ano 2008, Gerardo García Alvela

“Recibo este premio con grande honor, responsabilidade e moita alegría por ter sido recoñecido como Enxeñeiro do Ano polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia.”

“O feito de que se valore a nosa aposta familiar pola defensa do patrimonio industrial TIC en Galicia supón un moi importante plus de motivación para seguir aportando o noso grao de area cara ao desenvolvemento futuro do noso sector”.

Intervención do Socio de Honra do ano 2008, Emilio Pérez Touriño

“Os profesionais das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) integran un dos activos fundamentais para o progreso das sociedades modernas”.

“Galicia vai estar presente no voo inaugural do lanzador europeo Vega co primeiro picosatélite do estándar Cube-Sat realizado por unha universidade española, a Universidade de Vigo”.



DIRECTORIO PROFESIONAL DE GABINETES E ENXEÑEIRO DE TELECOMUNICACIÓN



colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia

SEDE EN A CORUÑA

Federico Tapia, 17 bis entreplanta local 4
15005 A Coruña
T: 981 919 300
F: 981 919 301
administracion@coetg.es

SEDE EN VIGO

Policarpo Sanz 11, 1º
36202 Vigo
T: 986 465 234
F: 886 125 996
aetg@aetg.org

Web: www.aetg.org

IRIX GALICIA S.L.
Carlos Mosquera Montero
Nº colegiado: 12.589
C/ Cabana 5-7 bajo
15006 A Coruña
Tfno: 981912305
Fax: 981065200
irix@irix.es
www.irix.es
SW a medida. Diseño web,
Inst. y Manten. Redes,
Recup. Datos

Fernando Fernandez Pedraza
Nº Colegiado: 8100
Tfno: 670898529
fpedraza@fpedraza.com
www.fpedraza.com
ICT. Domótica. Aplicaciones
Web. Seg. informática. Linux.

Cesáreo García Rodicio
Nº Colegiado: 8038
Tfno: 988 980044
cesareo@cesareox.com
www.cesareox.com
Sistemas de Inform. Internet,
Informática, Telecomunicaciones

Dopec S.L.
Alberto Villar Ferrer
Nº Colegiado: C14405
Tfno: +21222393188
avillar@dopec.com
Ingeniería y Arquitectura.
Proyectos en España y
Marruecos

Indomótica Sistemas y Comunicaciones, S.L.
José María Núñez Ortuño
Nº Colegiado: 11.023
C/ Luis Seoane, 2 bajo
36001 Pontevedra
Tfno: 986 845258 / 616995898
jnunez@indomotika.com
www.indomotika.com
Proyectos Telecomunicación.
ICT. Domótica. Edif.Inteligentes

Antonio Castells Pera
Nº Colegiado: 2899
Tfno.: 661 641 773
castells@iies.es
Estac. base telefonía.
Med. radioeléctricas sg.
RD 1066/2001

Kastel Ingeniería
José Ramón Pérez Castelao
Nº colegiado: 14226
La Campiña, 114
27192 Lugo
Tfno: 685887625
info@kastel.es
www.kastel.es
Certificaciones,ICTs,Estudios
Viabilidad,Títulos Habilitates

Javier Fernández Fraga
Colegiado nº 5039
C/Recatelo 21 - 2º A
27002 - LUGO
Tfno: 982100609
javierfraga@coit.es
Proyectos, medidas
radioeléctricas e informes
periciales.

Julio Pérez Formoso
Nº Colegiado: 6252
C. Ramón Cabanillas, 13, 1º B
32004 Ourense
Tfno/Fax: 988391519
Móvil 619419689
julioopf@iies.es
www.julioformoso.es

Sonen, Centro de acústica e servizos de telecomunicacións, S.L.
Cástor Rodríguez Fernández
Nº Colegiado: 15080
Parque Tecnológico de Galicia
- Edificio CEI - N. 208
San Cibrao das Viñas - 32911
Ourense
Tfno: 652 770 034
info@sonen.es
www.sonen.es
Consultoría en acústica
arquitectónica e
medioambiental

SERVIDOMO, Servicios Inmobiliarios y Domótica.
Raquel Pereira Pereira
Nº Colegiada: 15.192
C/Antonio Palacios, 50
Bajo - 36400 - O Porriño
(Pontevedra).
Tfno/Fax: 986 34 80 82
ingenieria@servidomo.es
www.servidomo.es
ICT's, Domótica, Hogar Digital.
Prescript. Sist. Domóticos

GIZA Ingeniería S.L.
Luis Manuel Sánchez García
Nº colegiado: 6179
C/Darwin Nº15 Bajo 4
15172 Oleiros
Tfno: 881991447
giza@gizaingenieria.es
Servicios de Ingeniería.
Proyectos-Direcciones de
Obra. ICT

PC CARRIER, S.L.
Xosé Antonio Doldán Pedreira
Nº colexiado: 12271
Tfno: 981 140 800
x.doldan@pcarrier.com
Formación TIC, Inst.
Networking, ERP/CRM,
Sistemas CAD/CAM

Amador Rodríguez Diéguez
Nº Colegiado: 14523
Tfno: 646 490810
amador@uvigo.es
ICT y Dirección de obra.
Programación. Cursos a
medida. Web.

TI Comunicación 1855, S.L.
María L. Hidalgo Sotelo
Nº colegiada: 7191
A Coruña
Tfno: 630 940 650
info@tic1855.net
www.tic1855.net
Gestión innovación.
Firma electrónica.
Herramientas SW. ICTs

Boado Integra Ingenieros
Alfonso Saavedra Boado
Nº Colegiado: 9220
Santiago de Compostela
Tfno: 981 571284
teleco@boado.com
Proyectos de ICT, Acústica,
TDT, Gap-Fillers, WiMax

Soledad Torres Guijarro
Nº Colegiada: C09387
Tfno: 617 012 427
storres1@iies.es
Ingeniería Acústica. Sistemas
de Audio. Proyectos de ICT.

Uwais Ingeniería, S.L.
Belinda Núñez Fernández
Nº Colegiado: 12173
García Barbón, 101 A
entresuelo
36201 Vigo (Pontevedra)
Tfno: 986 44 35 33
Movil: 618 44 35 13
uwais-ingenieria@uwais-
ingenieria.com
www.uwais-ingenieria.com
Proyectos y asesoría
telecomunicaciones (ICTs,
DOMOTICA,...)

Rogelio Martínez Teijeira
Nº Colegiado: 8328
Tfno: 625192714
rm_teijeira@yahoo.es
ICT's, Redes de Datos,
Instalacións de seguridade,
megafonía

EVENTYAM INGENIEROS, S.L.
María E. Baltar Carrillo
Nº colegiada: 6470
José Antonio Centoira García
Nº colegiado: 15090
C/Doctor Cadaval, 33 – Ofic.
2º b
33202 Vigo
Tfno: 986 120 106
www.eventyam.com
Campos electromagnéticos.
Ruido. Termografía. Proy./
Certif.

ACBIA SOLUCIONES S.L.U.
Faustino Castro Sanjorge
Nº Colegiado: 12363
Tfno: 981650870
Movil: 677163247
fcastro@acbia.com / acbia@
acbia.com
Consult. Estratégica,
Conectividad/Comunicaciones,
A.Técnica

Alberto Freire Grande
Nº Colegiado: 15558
Tfno: 646741115
Alberto.Freire@tecnocom.es
Proyectos de ICT y direcciones
de obra

AIN ACTIVE S.L.
Alberto Núñez Ares
Nº Colegiado: 4.064
Emilio González López 58 A,
baixo
15011 A Coruña
Tfno: 981160249
info@ain-active.com
Proyectos enerxías renovables
e ICT



colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia



Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia

Co agradecemento do
Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia
aos patrocinadores da

XIII Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información

